

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL E ACRUGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE CONSOLIDACION E DIVERSIFICACION XENÉTICA DA RAZA RUBIA GALLEGA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER).

OBXETIVO

Intensificar os traballos de **selección dos reprodutores axeitados** e realización de **apareamentos correctivos** co menor grao de consanguinidade posible, co fin de recuperar a **variabilidade xenética** e apuntalar os **parámetros produtivos** característicos da raza para a **consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega**.

LIÑAS DE TRABALLO

- 1.- Obtención de **descendentes machos de alto valor xenético** e co **menor grao de consanguinidade** posible.
- 2.- Formación de un **núcleo aberto de reprodutoras de elite de liñas xenéticas diversificadas** con carácter de **doadoras de embrións, e nais de futuro semental (MFS)**

CRITERIOS DE ACTUACION

- 1.- Definición de apareamentos dirixidos, nos que se valorará a menor taxa de consanguinidade posible.
- 2.- Obxetividade na valoración de animais de acordo co estándar racial e os obxetivos de selección fixados. Os obxectivos de selección serán valorados por un comité técnico cuxas decisións estarán documentadas, as valoracións dos animais serán realizadas de xeito obxectivo polo persoal técnico de ACRUGA.
- 3.- Participación directa das ganderías de Rubia Galega. Haberá ganderías colaboradoras para 1) a oferta de doadoras de embrións e nais de futuros sementais, 2) a oferta de receptoras para a implantación de embrións e 3) para a toma de datos nas explotacións para probar animais. Poden ser para un ou para varios destes puntos.
- 4.- Utilización de novas tecnoloxías para a obtención de animais, como mecanismo de mellora dos resultados reproductivos. Transferencia de embrións e /ou fecundación “in vitro”.
- 5.- Transparencia das actuacións. Todas as decisións quedarán documentadas e xustificadas tecnicamente por escrito.

PROCEDEMENTO

- 1.- Selección de femias inscritas no **Registro Definitivo do Libro Xenealóxico** da raza Rubia Galega, que serán valoradas de xeito individualizado para a comprobación da funcionalidade, calidades maternais, duración das xestacións, cualificación morfolóxica, índices xenéticos e demais aspectos a considerar, ademais de cumprir cos requisitos sanitarios vixentes.

2.- Para cada femia elixirase un touro cuxo apareamento cumpra cos obxectivos fixados co menor grao de consanguinidade posible. Por veces poderá haber mais dun touro seleccionado.

3.- O produto obtido destes cruces dirixidos terá o seguinte destino:

- **Macho:** valoración dende o nacemento. Deberá ser recriado ata os **7 meses**, momento no que ACRUGA valorará si é apto para o seu envío ao centro de testaxe de Adai. De non ser considerado apto, o gandeiro poderá dispor del.

- **Femia:** deberá ser recriada ata os **9 meses**, cando se avaliará para comprobar as súas cualidades funcionais e morfolóxicas. No caso de ser seleccionada, será considerada como potencial MFS, e poderá ser **doadora de embrións ou óvulos**.

O gandeiro ten o compromiso de ceder ao Programa **6 embrións viables** obtidos **de cada xovenca seleccionada**.

4.- Embrións obtidos: implantaranse en receptoras proporcionadas por ganderías colaboradoras interesadas, de tal maneira que ACRUGA facilite o espallamento polas distintas ganderías, evitando situacións de monopolio. Os **embrións a implantar** en cada gandería serán **decisión do equipo técnico de ACRUGA**, en base a criterios técnicos e de dispoñibilidade dos mesmos.

5.- Tanto machos como femias nados en posteriores xeracións de embrións do programa terán as mesmas consideracións expostas.

6.- Tódolos animais que participen no Programa serán obxecto de análise de **filiación xenética**.

Tódalas gandarías colaboradoras terán unha serie de obrigas que terán que cumprir segundo colaboren aportando nais doadoras de embrións e/ou receptoras. Así como tamén gozarán de unha serie de dereitos e/ou compensacións económicas polo esforzo que supón á gandería a cesión de animais para as actividades do Programa.